



Sergio Heredia

Estudou con Unnur Palsdottir, con Tatiana Liberova e con Yuri Nasushkin.

Amplía a súa formación e tamén recibe clases de música antiga con Jaap Schröder, Barry Sargent e Rinaldo Alesandrini.

Participou en diferentes proxectos e gravacións para TV, cine, radio e a industria discográfica.

Actualmente é docente, integrante de diferentes agrupacións e director da Xove Orquesta Filharmónica da Cidade de Pontevedra.

Sergio Heredia

MESTRE DE VIOLÍN

Historial Académico

Estudou con Unnur Palsdottir, con Tatiana Liberova (onde coincidiu con grandes violinistas actuais como Ilya Gringolts ou Sergey Malov) e con Yuri Nasushkin.

Amplía a súa formación con **Andrey Chetiglazov** (concertino ONE), **Alexey Bruní** (concertino da Orquesta Nacional Rusa), **Sergey Girshenko** (concertino, entre outras, da Filarmónica de San Petersburgo) e **Amayak Durgaryan** (principal Virtuosos de Moscú).

En música antiga, recibiu masterclasses de **Jaap Schröder**, **Barry Sargent** e **Rinaldo Alesandrini**.

Experiencia

Calificado como violinista cun gran son, gran presenza en escena e moita musicalidade e veteranía. Apareceu en numerosas ocasións como solista en importantes salas de concerto españolas realizando gravacións en CD, radio, televisión e o cine.

Colaborou en numerosas ocasións con orquestras como a **Sinfónica de Galicia**, **Sinfónica de Murcia**, **Sinfónica Ciudad de Oviedo** ou a **Real Filharmonía de Galicia**.

Foi mestre no **Conservatorio Superior de Vigo** e invitado a impartir **masterclasses** en diversos centros de ensinanza musical dentro e fóra de Galicia.

Alumnos seus foron **premiados** en concursos internacionais e ocupan postos principais en orquestras mozas e profesionais.

Actualmente é primeiro violín da **Camerata Arven** e colabora co grupo de música antiga **Resonet**, co que gravou un CD recentemente. Xunto a **Arquímedes Artal** (viola da gamba) e **Fernando Reyes** (guitarra barroca) forma o **ensemble barroco Teucro Trio**.

É, asimesmo, **director** da **Xove Orquesta Filharmonía Cidade de Pontevedra**.

"Parabens a Sergio no meu nome, polo seu talento e talante, pola sabedoría e por como leva á rapazada cara algo tan complexo como se fose seguindo o curso dun río"

Fina Casalderrey